

Confiando CULTURA

O IMPULSO DA CULTURA

- ESTENDER A CULTURA POR TODOS OS ESPAÇOS DA PROVINCIA
- ALZAR O SECTOR PROFESIONAL
- RECOBRAR A PRESENZA DA CULTURA NA SOCIEDADE E NA ECONOMÍA
- LIBERAR A ENERXÍA PARA PROGRAMAR
- RESPIRAR CULTURA NAS PROPIAS RÚAS
- ALIMENTAR A CONFIANZA DO PÚBLICO
- SENTIR A CULTURA AO VIVO



DA MAN DA AXENDA 2030: UN AVANCE CON 17 OBXECTIVOS

- **MUDAMOS OS HÁBITOS NAS POLÍTICAS CULTURAIS DO ÁMBITO LOCAL**
- **ASENTAMOS OS PRINCIPIOS E VALORES DE SOSTIBILIDADE, ACCESIBILIDADE E INCLUSIÓN**
- **CUMPRIMOS CO MARCO INTERNACIONAL DOS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO GLOBAL**
- **CENTRAMOS A ACCIÓN E O ESFORZO NAS PERSOAS, A PROSPERIDADE E O PLANETA**
- **AVANZAMOS CARA A UN HORIZONTE COMÚN COS 61 CONCELLOS DA PROVINCIA**



CULTURA, CONFIAR DE NOVO:

‘CON-FIANDO CULTURA’


PROGRAMACIÓN CULTURAL 2022



- **FORTALEZA:** A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, CÓMPLICE DA CREACIÓN ARTÍSTICA
- **VONTADE:** COIDAR, COMPARTIR E CONTAXIAR A CULTURA ENTRE A MOCIDADE
- **OPORTUNIDADE:** VERTER NOVAS OLLADAS E CALOR SOBRE O NOSO PATRIMONIO
- **ILUSIÓN:** ACOMPAÑAR O PÚBLICO NA RECONSTRUCCIÓN DUNHA RELACIÓN SEGURA
- **CONFIANZA:** RECUPERAR A CONFIANZA NA CULTURA, NA PROPIA PROFESIÓN E NAS E NOS PROFESIONAIS CULTURAIS POR PARTE DO PÚBLICO NOS EVENTOS QUE SE REALIZAN

INVESTIMENTO
PARA 'CON-FIANDO
CULTURA'

ORZAMENTO: 2.754.773 €



CONFIANDO NOS NOSOS PROGRAMAS

- **PONTEGAL.** Abrimos o catálogo de grupos para que as asociacións soliciten actuacións para os seus eventos durante todo o ano
- **MUSIGAL.** 55 concertos da nosa música profesional soarán con seguridade nas prazas e nos espazos dos concellos da provincia

ORZAMENTO

600.000 €

ORZAMENTO

633.697 €



AXUDAS E SUBVENCIÓNS 2022

- Axudas a entidades sen fins de lucro para **actividades culturais**
- Axudas a entidades sen fins de lucro para o apoio e o desenvolvemento de **festivais audiovisuais**
- Axudas a entidades sen fins de lucro para o desenvolvemento de **festivais musicais e de artes escénicas**
- Axudas a **escolas de música** dependentes de asociacións sen ánimo de lucro

ORZAMENTO
640.000 €

CONFIANDO NA MÚSICA E NAS ARTES ESCÉNICAS

MÚSICA NO AR. Ciclo de concertos de música clásico-contemporánea nos espazos patrimoniais dos concellos da provincia.

Cubriremos de música o patrimonio de todas as comarcas cunha mestura de estilos e instrumentos desde a vertente clásica ata a experimentación e os sons contemporáneos.

ÓPERA PAPAGUENA. Ópera contemporánea electrónica (a orquestra dunha ópera concentrada nun ordenador para adaptar a ópera a formatos pequenos e versátiles) inspirada na parella de persoas-páxaro que aparecen na célebre ópera a *Frauta máxica* de Mozart



BAILANDO A TERRA. Este programa nace para poñer en valor o noso patrimonio natural a través da danza, cun ciclo propio que achegará o baile ás nosas raíces, ás nosas tradicións, actuando en carballeiras e bosques, así como en espazos de patrimonio fluvial e marítimo, ao longo da nosa provincia.

TORNAR ÁS TÁBOAS. Aposta polas artes escénicas e as compañías profesionais da provincia. Programación específica de teatro para encamiñar unha volta aos espazos culturais dos 51 concellos da provincia con menos de 20.000 habitantes.

ORZAMENTO

185.000 €

CONFIANDO NO NOSO PATRIMONIO

TRAS AS AMEAS. Programación cultural nos castelos de Soutomaior e de Sobroso para os meses de xuño a outubro, cunha morea de cores e historias para familias.

HISTORIAS CAVADAS. Visitas escenificadas aos castros musealizados da provincia para afondar no noso pasado e transmitírllelo ás xeracións do futuro.

RUTAS DE ARQUITECTURA. Percorridos por varias comarcas da provincia guiados por profesionais para compartir experiencias e saber a través dos edificios e das construcións máis senlleiras.

ORZAMENTO

35.000 €

CONFIANDO NA ESCRITA

ESCOLA DE LETRAS. Segunda edición da Escola de Letras da Deputación de Pontevedra, na que recoñecidas mestras e mestres do panorama literario galego imparten diferentes obradoiros creativos nas sedes de Vigo e Pontevedra.

ROTEIROS LITERARIOS. Percorridos polos concellos da provincia guiados polas autoras e polos autores galegos de novela, poesía e teatro; os xéneros literarios levados aos escenarios reais.

FEIRAS DO LIBRO. Este 2022 a Deputación de Pontevedra volve apoiar as Feiras do Libro da Provincia, organizadas pola Federación de Librarías de Galicia, cun posto propio no que divulga as actividades da institución provincial arredor da escrita.



ORZAMENTO

18.000 €

CONFIANDO NO CINEMA

RÍAS BAIXAS FILM FEST

FESTIVAL DE CANS, O Porriño

PLAY DOC, Tui

FICBUEU, Bueu

FESTIVAL DE CINE INCLUSIVO, Vigo

PRIMAVERA DE CINE, Vigo

CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO,
Vilagarcía de Arousa

CURTAS ARMADIÑA, Poio

NOVOS CINEMAS, Pontevedra

GALICIAN FREAKY FILM FEST, Vigo

PONTEVEDRA, PLATÓ DE CINEMA. Patrocinio de producións audiovisuais que contribúen a unha excelente promoción cultural e turística da provincia como unha firme aposta pola consolidación da nosa industria audiovisual e o do talento.

PONTEVEDRA PROVINCIA FILM COMMISSION. Servizo público e gratuíto da Deputación de Pontevedra, xestionado por Turismo Rías Baixas, cuxo obxectivo principal é promover a provincia de Pontevedra como destino de rodaxes, proxectos audiovisuais e cinematográficos, así como incrementar o posicionamento da súa imaxe de marca a nivel nacional e internacional e o seu crecemento económico.



CICLO MESTRE MATEO. COLABORACIÓN COA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL. Este circuío pioneiro leva o mellor do cinema galego a concellos de toda Galicia, co obxectivo de dotalos dunha programación audiovisual e cultural estable desde finais de marzo ata decembro.

CICLO CINEMA MULLERES. EN COLABORACIÓN CO CONSULADO XERAL DA REPÚBLICA ARXENTINA EN VIGO. Ciclo de cinema feminista que naceu en 2021 e se desenvolveu no Museo MARCO de Vigo, con proxeccións de cinema feito por mulleres de ambos os lados do Atlántico e coloquios coas protagonistas.

ORZAMENTO

115.000 €

CONFIANDO NA CREACIÓN ARTÍSTICA

MULLERES EXTRAMUROS. Proxecto de intervención artística no rural, con perspectiva feminista e coa vontade de transformar o territorio desde a arte e a participación cidadá.

DEPOCREA. Programa de residencias artísticas de creación compartida a través dunhas bases públicas de participación para artistas das artes plásticas e cun programa completo de reflexión e mentorizado.

ORZAMENTO

100.000 €



CONFIANDO NAS ARTES, NA ARTESANÍA E NA HISTORIA

EXPOSICIÓNS NA SEDE DE VIGO

SALA ROSALÍA DE CASTRO

- “Pintura ExpresioMixta” de Raúl Velloso
- “Las Locas” de Mariana Sellanes
- “Contos e países. Historias que viaxan” de Silvia García
- “Ilustrando Rías Baixas”, exposición colectiva comisariada desde o Servizo de Cultura
- “María do Carme Kruckenberg” de Fundación Penzol
- “Prácticas artísticas feministas en Galicia”, exposición colectiva comisariada desde o Servizo de Cultura (nas dúas salas e noutros espazos da Sede)

EXPOSICIÓNS NA SEDE DE VIGO

SALA MARUJA MALLO

- “Pequena enciclopedia de fotografía (fragmentada)” de Rosa Neutro
- “Materia tatuada” de Soledad Penalta
- “Un bel di vedremo” de Pilar Alonso
- “Cuestión de tiempo” de Román Corbato
- “Prácticas artísticas feministas en Galicia”, exposición colectiva comisariada desde o Servizo de Cultura (nas dúas salas e noutros espazos da Sede)



EXPOSICIÓNS ITINERANTES E OUTRAS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS

- “Cines de Pontevedra: memorias dunha ilusión”
- “Lebres coma gacelas”
- “Tecendo a natureza. Enrique Táboas”
- “Os camiños de Laxeiro”

ORZAMENTO

40.000 €

A CULTURA CONFIANDO NAS SUAS DATAS

ORZAMENTO

40.000 €

Día de Rosalía – 24 febreiro. Este ano, no Día de Rosalía volvemos implicar as nenas e os nenos da provincia nun orixinal concurso creativo escolar en formato video, con coreografía, música e canto: “A nosa Rosalía”

Día da Poesía – 21 de marzo. Reivindicamos as poetas feministas da historia. Inauguramos a mostra “Lebres coma gacelas”

Día do Teatro – 27 de marzo. Baixo o lema #ConMoitoMimo, realizouse unha dobre función da que gozaron unhas 200 persoas

Día das Artes Galegas – 1 abril. Este ano, homenaxeando un dos nosos máis grandes pintores, Laxeiro

Día do Libro – 23 de abril. Sae á luz o libro resultante do segundo ano da Escola de Letras

Día da Danza – 29 de abril. Celebramos este día creando lazos entre dúas culturas: *Galicia-Arentina. Un baile de ida e volta*

Día das Letras Galegas – 17 de maio. Desde a área de Cultura quixemos celebrar coas cativas e os cativos do Centro Príncipe Felipe esta cita tan especial coa actuación “Contos e lérias” de Vero Rilo & Sonsoles Penadique.

Día da Música – 21 de xuño. Sacaremos novamente a música á rúa

Día do Cinema – 6 de outubro. Miraremos a pantalla cos ollos dos soños para captar toda a súa luz

Día do Patrimonio Audiovisual - 27 de outubro. Celebraremos o día cunha acción participativa en redes para recuperar a nosa memoria audiovisual.

A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA FACENDO COMUNIDADE CULTURAL

CULTURGAL. Participación na Feira das Industrias Culturais de Galicia

XORNADAS CO SECTOR: AGPXC. Iniciamos unha vía de colaboración cunha das entidades profesionais máis relevantes no eido da cultura: a Asociación Galega Profesional da Xestión Cultural.

ENCONTRO LUSO-GALAICO. En colaboración coa Coordinadora de Festivais do audiovisual de Galicia, PROXECTA.

ENCONTRO INTERNACIONAL DE MULLERES DA E NA ESCENA. En colaboración con CLÁSICAS & MODERNAS. *I Encontro Internacional de Mulleres da e na Escena*

ORZAMENTO

101.500 €



RECOÑECEMENTO A QUEN CON-FÍA NA NOSA CULTURA

PREMIO OTERO PEDRAYO. Premio honorífico que conceden desde 1977 as deputacións provinciais de Galicia co apoio da Xunta de Galicia. Leva o nome de Ramón Otero Pedrayo e recoñece a traxectoria de personalidades e entidades que contribúen ou contribuíron a fomentar a cultura galega.

MULLERES NO FOCO. Segunda convocatoria dos premios #MulleresNoFoco, cos que se recoñece e pon en valor o labor das mulleres no eido audiovisual.



ORZAMENTO

15.000 €

COLABORACIONES

ACADEMIA DO AUDIOVISUAL. PREMIOS M.^a LUZ MORALES

PREMIOS MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA GALEGA

FUNDACIÓN LAXEIRO

FUNDACIÓN PENZOL

FUNDACIÓN MARCO DE VIGO

MUSEO DO POBO GALEGO

ASOCIACIÓN CULTURAL PEDAGÓXICA PONTE NAS ONDAS

UNED

ORZAMENTO

441.000 €

FACEMOS CULTURA DESDE OUTROS SERVIZOS

Apoio á **dinamización da lingua galega** co fin de potenciar o uso do noso idioma nas actividades que organicen os concellos e as entidades sociais

Aposta pola creación, mantemento e reforzo dos **servizos de normalización lingüística dos concellos**

Colaboración para a **publicación en formato papel e edicións audiovisuais**, mixtas e noutros formatos especiais coma braille de traballos en lingua galega

Aposta pola recuperación e a **rehabilitación do patrimonio histórico-cultural** da provincia

Musealización dos xacementos arqueolóxicos, dentro do marco do proxecto de posta en valor dos xacementos galaico-romanos da provincia de Pontevedra

Desenvolvemento de **contidos divulgativos e pedagóxicos dos xacementos xa musealizados**

Posta en valor do **patrimonio da Idade de Ferro** da provincia en colaboración co CSIC

Apoio aos **eventos con recoñecemento internacional do patrimonio inmaterial**

Certame Novos Valores de Artes Plásticas, para impulsar as persoas artistas galegas ou que residan en Galicia (dedicadas á pintura, escultura, fotografía, cerámica, deseño e gravado)

Premios Provincias á Xuventude, co ánimo de promover o talento e o potencial das mozas e mozos da nosa provincia

DepoRÚARTE, actividades educativas e de lecer que reforzan a conciencia pública do colectivo xuvenil da provincia de Pontevedra, onde ofrecerlle un espazo de encontro cultural

Mulleres en acción: Violencia Zero, proxecto de accións artísticas en espazos públicos co fin de reivindicar a igualdade de xénero.

Fiando Redes, programa de accións artísticas con entidades sen ánimo de lucro de toda a provincia.

Descúbreas, proxecto que nace para saldar unha débeda histórica coas mulleres no eido da industria musical.

Rías Baixas Fest, apoio aos grandes festivais de música da provincia: PORTAMÉRICA, VIVE NIGRÁN, ATLANTIC FEST, SINSAL, SONRÍAS BAIXAS, O MARISQUIÑO, REVENIDAS.

ORZAMENTO

3.250.500 €



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



AXENDA
2030